

**DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 23.10.2023, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“51.- APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNOS E PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REHABILITACIÓN NAVES ESCOLA OBRADOIRO A PINGUELA”.

Vista a proposta formulada , a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobación de bases e convocatoria para a selección de 20 alumnos/as traballadores/as, 1 director/a, 1 docente para a especialidade de Fábricas de albanelaría, 1 docente para a especialidade de Traballos de carpintaría e moble e 1 administrador/a, para o Obradoiro Dual de Emprego “Rehabilitación Naves Escola Obradoiro A Pinguela”, co seguinte detalle:

BASES PARA SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REHABILITACIÓN NAVES ESCOLA OBRADOIRO A PINGUELA”.

Primeira.- Obxecto.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a selección das 20 persoas alumnos/as traballadores/as que participarán no obradoiro dual de emprego “Rehabilitación Naves Escola Obradoiro A Pinguela”, promovido polo Concello de Monforte de Lemos e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, segundo resolución da Xefa Territorial, por delegación da Conselleira, de data 02/10/2023, pola que se lle concede o Concello de Monforte de Lemos subvención para a realización do devandito obradoiro de emprego.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado



e demais disposicións aplicables e na Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº 85, do 4 de maio de 2023).

Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de doce meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. O alumnado-traballador seleccionado non se considerará incluído nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Segunda.- Retribucións

Retribucións brutas mensuais: Salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

Terceira.- Requisitos

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais.

.- Ter dezaotoito ou máis anos de idade.

.- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.

.- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia,

co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº 85, do 4 de maio de 2023).

.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

.- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.



.-Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

.- Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.

.- Non poderán participar aquelas persoas que con anterioridade xa participaran noutro programa de obradoiros de emprego na formación do mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

.- As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Requisitos específicos:

O proxecto formativo a impartir neste Obradoiro Dual de Emprego, consta de dous certificados de profesionalidade, con un total de 20 alumnos/as traballadores/as en total, có seguinte desglose:

- **MAMD0209 Traballos de carpintaría e moble, de nivel 2, con 8 alumnos/as traballadores/as.**
- **EOCBO108 Fábricas de albanelaría, de nivel 2, con 12 alumnos/as traballadores/as.**

Polo que as persoas aspirantes, deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

1.- Para a especialidade Traballos de carpintaría e moble, nivel 2 (8 alumnos/as traballadores/as)

- *Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria*
- *Certificado de profesionalidade nivel 2*
- *Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional*
- *Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.*
- *Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.*
- *Ter superado as competencias clave necesarias, ao abeiro do recollido no anexo IV do real decreto 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.*

2.- Para a especialidade Fábricas de albanelaría, de nivel 2 (12 alumnos/as)

CSV: 07E7000CAD5600H00015L8Z3B1



traballadores/as)

- *Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria*
- *Certificado de profesionalidade nivel 2*
- *Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.*
- *Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.*
- *Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.*
- *Ter superado as competencias clave necesarias, ao abeiro do recollido no anexo IV do real decreto 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.*

Cuarta: causas de exclusión

- ✓ *Non cumprir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.*
- ✓ *Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.*

Cuarta.- Procedemento de selección.

Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización da proba do proceso selectivo mediante chamada telefónica ó telefono que conste nos currículos remitidos.

Faranse dous intentos para tratar de localizar os/as aspirantes, dos cales se deixará debida constancia en dilixencia asinada polo/a empregado/a público encargado.

Na mencionada chamada informarase ó/a aspirante preseleccionado/a polo SEPG de que deben acudir ás dependencias municipais para recoller notificación persoal da convocatoria, no prazo indicado ó efecto, máximo dúas días hábiles seguinte a recibir da chamada.

Advírtese ós/as aspirantes que de non ser localizados telefónicamente, e/ou non acudir a recoller a notificación persoal as dependencias municipais, conlevaralles os prexuízos que poida depararilles, sen responsabilidade algunha ó efecto por parte deste Concello.

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

1º fase . *Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en*

CSV: 07E7000CAD5600H00015L8Z3B1



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CAD5600H00015L8Z3B1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 26/10/2023
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1º Tenente de Alcalde - 26/10/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/10/2023 11:26:36

EXPEDIENTE :: 2023PL_RE-00625
Fecha: 26/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 3'5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

2ª fase.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 6'5 puntos.

Para a baremación de méritos obxectivos os/as aspirantes deberán presentar, ata o día 10 de novembro do 2023, no Rexistro Municipal en horario de 09,00 ata 14:00 horas ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común a súa solicitude de participación documentación acreditativa dos mesmos como se especifica no anexo I.

Non se valoraran os méritos cuxa acreditación non se axuste o disposto para elo en dito anexo I nin os presentados mais ala da data indicada (10/11/2023).

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas seleccionadas no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Os criterios para dirimir posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son os que se establecen no punto 15 da circular da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 26/04/2022, sendo por orde de prelación

- O maior tempo acreditado como desempleado/a
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- O de maior idade.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- De persistir o empate este resolverase por sorteo público.

A entrevista terá lugar o 15 de novembro do 2023, as 09:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, Campo de San Antonio s/nº, para os postos para os traballadores/as alumnos/as.



DOCUMENTO
DIGITALMENTE
FIRMADO

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CAD5600H0015L8Z3B1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 26/10/2023
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1º Tenente de Alcalde - 26/10/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/10/2023 11:26:36

EXPEDIENTE :: 2023PL_RE-00625
Fecha: 26/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E7000CAD5600H0015L8Z3B1

Quinta.- Listaxe de reserva.

O Tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Sexta.- Contratación.

As persoas seleccionadas polo Tribunal serán contratadas polo concello de Monforte de Lemos, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as, sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

Sétima.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o Tribunal de selección/Grupo de Traballo, para a selección no prazo de 24 horas a contar dende a publicación dos resultados da entrevista e do baremo.

Oitava.- Publicidade das bases:

Estas bases serán publicadas na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos entidade promotora, así como nos taboleiros de anuncios da entidade promotora e da oficina de emprego de Monforte de Lemos e da xefatura territorial.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Novena.- Tribunal.

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais. Designados de entre o persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Monforte de Lemos, e de ser necesario de calquera outra administración.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

O órgano de selección poderá actuar de xeito conxunto ou desconcentrado en seccións, referidas a cada un dos perfiles aos que se vai a seleccionar.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.



Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero0'25 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....0'10 punto.

Os méritos referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o substitúa en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

CSV: 07E7000CAD5600H00I5L8Z3B1



A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando calquera dos seguintes documentos:

Certificación da Orde de Protección ou da medida cautelar, testemuña ou copia autenticada polo/a Secretario/a Xudicial da propia Orde de Protección ou medida cautelar.

Sentenza condenatoria.

Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, Auto de apertura de Xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditas indicios.

Informe dos Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 0'50 puntos.
- 30 - 44 anos 0'25 punto.
- 45 ou máis 1,00 puntos.

Os méritos referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o substitúa en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía \geq 33 % 0'25 puntos.
(Sempre que lle permita realizar os traballos con prácticas a desenvolver no Obradoiro Dual de Emprego)

O recoñecemento dunha minusvalía/ discapacidade igual ou superior o 33 % acreditarase co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/ discapacidade emitido pala autoridade competente.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 0'25 puntos.
- Perceptores de subsidios, RAI ou outras prestacións..... 0'50 puntos.
- Non perceptores 1 puntos.

Os referidos á protección do desemprego acreditaranse cun certificado do servizo publico de emprego no que se syndique, se percibe prestacións ou non prestacións e de que tipo.(subsidio ou prestación de desemprego).

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 0'25 punto.
- De 12 a 18 meses... 0'50 puntos.



- Máis de 18 meses... 1 puntos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)0'50 puntos.

Informe do servizos sociais municipais ou certificado da administración autonómica de ser beneficiario da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Bacharelato/COU ou FP ciclo superior ou certificado de profesionalidade de nivel 3..... 1 puntos.
- Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional, ou cumprir os requisitos académicos de acceso aos ciclos formativos de grao superior, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou 45 anos. Ter superado as competencias clave correspondetes..... 0,25 puntos.
- Títulos universitarios 0,5 puntos.

Os méritos referidos á formación académica coa entrega de copia compulsada dos títulos ou dos certificados dos mesmos.

So se valoraran as titulacións deste apartado engadidas á esixida para poder acceder ó proceso selectivo (requisitos específicos).
So se puntuará o apartado de maior puntuación.

8.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 puntos.
- Monoparental con fillo/s 1 puntos.

Os méritos referidos ás responsabilidades familiares/ unidade familiar de convivencia acreditaranse aprotando:

Copia compulsada do libro de familia.

CSV: 07E7000CAD5600H0015L8Z3B1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CAD5600H0015L8Z3B1 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2023PL_RE-00625
	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 26/10/2023 GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1º Teniente de Alcalde - 26/10/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/10/2023 11:26:36	Fecha: 26/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Certificado padroal de convivencia de todos os membros da unidade familiar a ter en conta.

Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella.

Para o recoñecemento de situación que non poidan acreditarse debidamente conforme os anteriores documentos será necesario presentar informe dos servicios sociais municipais.

10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma destas bases..... 0'50 puntos.

Acreditarase aportando certificado do Servizo Público de emprego de tal extremo.

SEGUNDO: Publicar as bases do proceso selectivo na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos entidade promotora, así como nos taboleiros de anuncios da entidade promotora e da oficina de emprego de Monforte de Lemos e da xefatura territorial.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

TERCEIRO.- Solicitar para a selección do 20 alumnos/as traballadores/as participantes no Obradoiro de Emprego, ao Servizo Público de emprego de Galicia, a oferta de emprego prevista na Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. (DOG nº 85, do 4 de maio de 2023)."

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE





CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000CAD5600H00015L8Z3B1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 26/10/2023
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1º Tenente de Alcalde - 26/10/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/10/2023 11:26:36

EXPEDIENTE :: 2023PL_RE-00625
Fecha: 26/10/2023
Hora: 00:00
Und. reg; REGISTRO GENERAL

CSV: 07E7000CAD5600H00015L8Z3B1

